

EXPOSICIÓN

“Emporium. Mil anos de comercio en Vigo”

29 de xuño de 2016 ao 28 de maio de 2017

CONCELLO
DE VIGO



Actividades complementarias

.....



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Verbum Casa das Palabras



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

XESTIÓN E CORDINACIÓN

Servizo de Museos Municipais. Concellería de Cultura

SUPERVISIÓN GUÍA

Museo Municipal “Quiñones de León”

ELABORACIÓN

Data Gestión Cultural

Eduardo Méndez-Quintas

Tania Conde González

Andrea Serodio Domínguez

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Proofediting asesores lingüísticos

ÍNDICE

¿QUE É A ARQUEOLOXÍA?	1
Destinatario	1
Duración da actividade	1
Lugar.....	1
Contidos e metodoloxía	1
Bibliografía.....	2
CONSERVAS NA HISTORIA DE VIGO	3
Destinatario	3
Duración da actividade	3
Lugar.....	3
Contidos e metodoloxía	3
Bibliografía.....	4

¿QUE É A ARQUEOLOXÍA?

Destinatario

A actividade está pensada para público escolar ou infantil-xuvenil.

Duración da actividade

A actividade está pensada para cumprir o requisito temporal de 60 minutos.

Lugar

A actividade desenvolverase nun espazo do andar baixo do Verbum, aínda que sempre fóra da área expositiva da mostra de Emporium.

Contidos e metodoloxía

Obxectivos

O obxectivo fundamental desta actividade é que os asistentes tomen consideración da función, métodos de traballo e importancia social dos arqueólogos. Comunmente existe certa visión romántica con respecto a esta profesión, fomentada en parte por libros e certas películas. Desgraciadamente tamén existe outra visión, moito máis negativa, con respecto a esta profesión onde estes profesionais adoitan ser os culpables da paralización e retrasos en obras públicas e privadas. Máis alá destes factores, a arqueoloxía é unha disciplina científica que procura o coñecemento dos procesos de evolución cultural de sociedades pretéritas, a súa organización no tempo e a súa clasificación e análise comparativa. A importancia social do recoñecemento e comprensión do pasado do ser humano éríxese como un aspecto de gran importancia e definitorio da identidade social e cultural actual. Deste xeito, entre os obxectivos concretos desta actividade caben mencionar:

- O coñecemento da ciencia arqueolóxica e do traballo arqueolóxico.
- Obtención dunha visión xeral da metodoloxía empregada na investigación arqueolóxica (escavación, rexistro, análise dedutiva a partir do rexistro arqueolóxico, métodos de datación numérica...)
- Recoñecemento dalgúns dos tipos de xacementos arqueolóxicos e dos elementos culturais asociados máis significativos da Prehistoria e Historia Antiga de Galicia.
- A multidisciplinaridade como sinal fundamental da arqueoloxía actual.
- Espertar interese e o respecto cara o patrimonio cultural, nomeadamente o arqueolóxico

Contido da actividade

A actividade ten tres partes ben diferenciadas, aínda que relacionadas entre elas. Nunha primeira parte, de compoñentes teóricos, vanse a explicar algúns conceptos básicos da arqueoloxía:

- ¿Que é a arqueoloxía?
- ¿Que é un xacemento arqueolóxico?
- Visión xeral da organización dos tempos prehistóricos e históricos.
- Principio estratigráfico.
- Proceso de escavación arqueolóxica e procedementos de rexistro...

Posteriormente, procederase a escavación de dous xacementos idealizados: un solo de ocupación prehistórico e un enterramento con inhumación de época romana. Deste xeito, poderán experimentar directamente o proceso de escavación e rexistro de escenarios arqueolóxicos totalmente diferenciados, adquirindo competencias metodolóxicas básicas. A escavación farase en caixóns con area, onde os participantes colocaranse no exterior, axeonllados.

A terceira parte da actividade consistirá na interpretación dos escenarios escavados. Procederase a identificación razoada por parte dos asistentes dos elementos recuperados, analizar a súas condicións funcionais e relacionalas co contexto do que proceden e con a súa natureza cronolóxica. Tocaranse temas colaterais relacionadas con ciencias auxiliares que permitan a obtención de datos complementarios.

Metodoloxía utilizada

A metodoloxía de traballo parte dunha dinámica participativa e de interacción entre o visitante e o monitor. O monitor debe facer exposicións breves e concisas preguntando e estimulando a participación do visitante. Deberase evitar un ton de voz monocorde e unha posición estática do corpo, desenvolvendo un discurso con cambios de entoación e paradas que creen expectativa no oínte.

O desenvolvemento da actividade consta das seguintes partes:

- **Fase preparatoria:** instalaranse os caixóns na zona de traballo ("Seminario" do Verbum) e procederase a colocación das réplicas en cada un. Nun lado, as réplicas dun enterramento romano e noutro un chan de ocupación prehistórico no entorno dunha lareira. Ambos entornos cubriranse con area.
- **Fase de desenvolvemento:** partírase dunha explicación dos conceptos previos sobre a arqueoloxía e elementos asociados. Con posterioridade, pásarase a realización da escavación arqueolóxica, previo suministro das ferramentas de escavación (pinces e recolledores). O monitor deberá indicar e asesorar no proceso de traballo, sen desvelar claves que se empregarán na última fase da actividade.
- **Fase de interpretación:** Na derradeira etapa da sesión, e de novo coa participación dos asistentes, procederase a "interpretar" os materiais e os contextos arqueolóxicos. Deste xeito, e con axuda de coñecementos doutras disciplinas, procederase a dar explicación e sentido aos elementos exhumados (cronoloxía, funcionalidade...).
- **Fase posterior:** unha vez rematada a actividade, procederase a recolocar as réplicas arqueolóxicas no seu sitio orixinal, recubríndose de novo con area. Deste xeito, os caixóns arqueolóxicos quedarán preparados para a próxima actividade. Así mesmo, pasarase unha enquisa de satisfacción aos responsables do grupo.

Bibliografía

BUTZER, K. W. (1989): *Arqueología. Una ecología del hombre: método y teoría para un enfoque contextual*, Editorial Bellaterra, Barcelona.

CUNLIFFE, B. (ed.) (1998): *Prehistoria de Europa*. Oxford. Ed. Crítica, Barcelona

RENFREW, C. e BAHN, P. (1993): *Arqueología. Teorías, métodos y práctica*, Akal, Madrid.

FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, V. M. (1990): *Teoría y Método de la Arqueología*, Síntesis, Madrid.

GUTIÉRREZ LLORET, S. (1997): *Arqueología. Introducción a la historia material de las sociedades del pasado*, Universidad de Alicante, Alicante.

McINTOSH, J. (1987): *Guía práctica de Arqueología*, Hermann Blume, Madrid.

DOMINGO, I., BURKE, H. e SMITH, C. (2007): *Manual de campo del arqueólogo*, Ariel Prehistoria, Barcelona.

CONSERVAS NA HISTORIA DE VIGO

Destinatario

A actividade está pensada para público xeral, incluído o familiar.

Duración da actividade

A actividade está pensada para cumprir o requisito temporal de 60 minutos.

Lugar

A actividade desenvolverase nun espazo do andar baixo do Verbum, aínda que sempre fóra da área expositiva da mostra de Emporium.

Contidos e metodoloxía

Obxectivos

O desenvolvemento desta actividade procura o coñecemento do desenvolvemento histórico e técnico da industria da conserva. Entre estes obxectivos destacan:

- Coñecemento dos principais sistemas de conservación de alimentos.
- Evolución histórica dos métodos de conservación, dende o afumado ata a conserva en latas con aceite.
- Recoñecemento dos principais tipos de produtos susceptible de conservación.
- Orixe histórica da cidade de Vigo en relación ao desenvolvemento conserveiro, dende os romanos ata a instalación dos fomentadores cataláns no s. XVIII.

Contido da actividade

A actividade consta das seguintes liñas temáticas de contido:

- Recoñecemento práctico dos tipos básicos de sistemas de conservación de alimentos e cales son as súas propiedades de conservación: afumado, secado, salgadura, encurtido, envasado en vidro con esterilización (método Appert), envasado en latas (método Durard) e o conxelado.
- Recoñecemento de diferentes tipos de produtos alimentarios máis habitualmente conservados, con especial atención aos produtos conservados historicamente en Vigo.
- A orixe da conserva en Vigo: os romanos e a salga de peixe. Explicarase a salina e factorías de salga documentadas en Vigo, os envases para o seu transporte (ánforas) e outros produtos asociados (salsas de peixe).

- A conserva a partires do s. XVIII e os “fomentadores” cataláns. Analizarase o contexto histórico da chegada dos industrias cataláns as costa de Galicia e nomeadamente a Vigo. A mudanza das salgas de peixe por as latas en aceite, así como as grandes familias conserveiras de Vigo

Metodoloxía utilizada

A metodoloxía de traballo parte dunha dinámica participativa e de interacción entre o visitante e o monitor. O monitor debe facer exposición breves e concisas preguntando e estimulando a participación do visitante. Deberase evitar un ton de voz monocorde e unha posición estática do corpo, desenvolvendo un discurso con cambios de entoación e paradas que creen expectación no oínte.

O desenvolvemento da actividade parte da explicación e razoamento dedutivo cos asistentes, a partir de imaxes e produtos conservados reais, dos métodos de conservación e as propiedades que conseguen tal proceso.

Para o toma de coñecemento da orixe romana da conserva en Vigo, explicarase con imaxes a salina romana do Areal e as diferentes factorías de salgadasuras recoñecidas en Vigo. Identificaranse os tipos de peixes empregados e o proceso de salga. Tomarán coñecementos práctico dos tipos de envases para o seu transporte (ánforas), morfoloxía e características fundamentais.

No senso da implantación das factorías de salga dende os S. XVIII, darase conta das renovacións no método de traballo e produción con respecto o que se facía anteriormente. O envasado en vidro e posteriormente en lata e aceite, así como o proceso de esterilizado. A evolución dos método de pechado e apertura de latas: dende o estañado ata o abre-fácil. Coñecerase as grandes familias conserveiras, a súas marcas e instalacións mediante imaxes.

Bibliografía

CARMONA BADÍA, X. (2005): La industria que llegó del mar, en NODAL, J. e CARMONA BADÍA, X., *Galicia Industrial (c. 1750-2005)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 167 páx.

CARMONA BADÍA, X. (2011): *Las familias de la conserva*. Anfac. 614 páx.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. (2013): *O comercio tardoantigo no noroeste peninsular*. Editorial Toxosoutos. 297 páx.

LAGÓSTENA BARRIOS, L. (2001): *La producción de salsa y conservas de pescado en la Hispania Romana: II a. C.-VI. d. C.* Real Academia de Historia. 503 páx.

LÓPEZ DE PRADO NISTAL, C. (2014): *Museo Massó. O museo que medrou dentro dunha fábrica de conservas*. Xunta de Galicia. 120 páx.

MUÑOZ ABELEDO, L. (2010): *Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia*. Icaria Editorial. 340 páx.

ROMÁN LOSADA, A. (2008): *Sal, sardiñas e peiraos. Achega ao patrimonio marítimo na Ensenada de San Simón*. Alén Nós. 103 páx.

VV.AA (2004): *100 años de la unión conservera (1904-2004)*. Anfac. 177 páx.



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Verbum Casa das Palabras



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

CONCELLO
DE VIGO

